

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 22 DE SETEMBRO DE 2022 POLA QUE SE APROBAN CRÉDITOS ECTS POLA REALIZACIÓN, ORGANIZACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES CULTURAIS

Por acordo do Consello de Goberno do 10 de outubro de 2016 aprobouse o regulamento de recoñecemento de créditos ECTS por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Atendendo ás competencias atribuídas e ao acordo acadado na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes, celebrada o 21 de setembro de 2022, esta reitoría RESOLVE:

A autorización de recoñecemento de ECTS pola asistencia a cursos, congresos, seminarios e outras actividades académicas naquelas titulacións que así o teñan recoñecido nos seus planos de estudo, que se relacionan no anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (DOG do 06 de xullo)

Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

(asinada dixitalmente)

Natalia Caparrini Marín



## ANEXO I

| Título do curso, congreso, seminario e outras actividades académicas           | Código    | Centro, Departamento ou Institución organizadora | Responsable                   | Datas de celebración        | Data de autorización | Horas                 | Créditos recoñecidos |
|--------------------------------------------------------------------------------|-----------|--------------------------------------------------|-------------------------------|-----------------------------|----------------------|-----------------------|----------------------|
| Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións. para a Automatización Industrial (JAI) | AC2200047 | Escola de Enxeñería Industrial                   | Armesto Quiroga José Ignacio  | Do 14/11/2022 ao 18/11/2022 | 21/09/2022           | 41 horas e 10 minutos | 1,4                  |
| O Entorno Dixital e a Cooperación entre Administracións Tributarias            | AC2200048 | Departamento de Dereito Público Especial         | Ruiz Hidalgo María del Carmen | Do 20/10/2022 ao 21/10/2022 | 21/09/2022           | 12,5                  | 0,4                  |
| Lendo con Feministas                                                           | AC2200049 | Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo     | Otegui Carles Almudena        | 15/09/2022 ao 30/11/2022    | 21/09/2022           | 60                    | 2                    |
| Seminario Conxunto-FCETOU-HTW Saar: Xestión Cultural e Turismo                 | AC2200050 | Facultade de Ciencias. Empresariais e Turismo    | De Prada Creo Elena Rosa      | Dp 26/09/2022 ao 30/09/2022 | 21/09/2022           | 30                    | 1                    |

